

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE SANIDADE, SERVIZOS SOCIAIS E IGUALDADE

8499 *Orde SSI/1475/2014, do 29 de xullo, pola que se regulan, no ámbito do Instituto Nacional de Xestión Sanitaria, o contido e o procedemento de subscrición do convenio especial de prestación de asistencia sanitaria, previsto no Real decreto 576/2013, do 26 de xullo.*

O Real decreto 576/2013, do 26 de xullo, polo que se establecen os requisitos básicos do convenio especial de prestación de asistencia sanitaria a persoas que non teñan a condición de aseguradas nin de beneficiarias do Sistema nacional de saúde e se modifica o Real decreto 1192/2012, do 3 de agosto, polo que se regula a condición de asegurado e de beneficiario para efectos da asistencia sanitaria en España, con cargo a fondos públicos, a través do Sistema nacional de saúde, apróbase en atención ao disposto no artigo 3.5 da Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema nacional de saúde, que establece que aquelas persoas que non teñan a condición de asegurado ou beneficiario do Sistema nacional de saúde poderán obter a prestación da asistencia sanitaria pública a través da subscrición dun convenio especial, mediante o pagamento da contraprestación económica ou cota que nel se estableza.

A disposición adicional segunda do Real decreto 576/2013, do 26 de xullo, habilita a persoa titular do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade para regular o contido e o procedemento de subscrición do convenio especial de prestación de asistencia sanitaria que deba ser subscrito polo Instituto Nacional de Xestión Sanitaria.

Na tramitación desta norma emitiu informe a Axencia Española de Protección de Datos, de conformidade co disposto no artigo 37.h) da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e no artigo 5.b) do Real decreto 428/1993, do 26 de marzo, polo que se aproba o Estatuto da Axencia de Protección de Datos.

Na súa virtude, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, dispoño:

Artigo 1. *Obxecto.*

O obxecto desta orde é regular o contido e o procedemento de subscrición co Instituto Nacional de Xestión Sanitaria do convenio especial de prestación de asistencia sanitaria, previsto no Real decreto 576/2013, do 26 de xullo, polo que se establecen os requisitos básicos do convenio especial de prestación de asistencia sanitaria a persoas que non teñan a condición de aseguradas nin de beneficiarias do Sistema nacional de saúde e se modifica o Real decreto 1192/2012, do 3 de agosto, polo que se regula a condición de asegurado e de beneficiario para efectos da asistencia sanitaria en España, con cargo a fondos públicos, a través do Sistema nacional de saúde.

Artigo 2. *Ámbito subxectivo e requisitos para a subscrición do convenio especial de asistencia sanitaria.*

Sen prexuízo do disposto no artigo 7.3 do Real decreto 576/2013, do 26 de xullo, poderán subscribir o convenio especial de prestación de asistencia sanitaria aquelas persoas que residan en España e que, non tendo a condición de aseguradas nin de beneficiarias do Sistema nacional de saúde conforme o disposto nos artigos 2 e 3 do Real decreto 1192/2012, do 3 de agosto, reúnan os seguintes requisitos:

a) Acreditar a residencia efectiva en España durante un período continuado mínimo dun ano inmediatamente anterior á data da solicitude do convenio especial de prestación de asistencia sanitaria.

b) Estar empadroadas, no momento de presentar a solicitude de subscripción do convenio especial de prestación de asistencia sanitaria, en Ceuta ou Melilla.

c) Non ter acceso a un sistema de protección sanitaria pública por calquera outro título, xa sexa por aplicación da normativa nacional, dos regulamentos comunitarios en materia de seguridade social ou dos convenios bilaterais que nesa materia subscribíse España con outros países.

Artigo 3. *Cobertura asistencial.*

O convenio especial de prestación de asistencia sanitaria permitirá á persoa que o subscriba acceder, desde a súa data de efectos e mediante o pagamento da correspondente contraprestación económica á cal se refire o artigo seguinte, ás prestacións da carteira común básica de servizos asistenciais do Sistema nacional de saúde regulada no artigo 8 bis da Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema nacional de saúde, coas mesmas garantías de extensión, continuidade asistencial e cobertura de que desfrutan as persoas que teñen a condición de aseguradas ou de beneficiarias do Sistema nacional de saúde, no ámbito correspondente ao Instituto Nacional de Xestión Sanitaria e sen prexuízo do disposto na disposición adicional primeira do citado Real decreto 576/2013, do 26 de xullo.

Artigo 4. *Efectos e contraprestación económica do convenio especial de prestación de asistencia sanitaria.*

1. O convenio especial de prestación de asistencia sanitaria producirá efectos desde o día da súa subscripción e extinguirase cando conorra algunha das causas previstas no artigo 7 do Real decreto 576/2013, do 26 de xullo.

2. A persoa subscriutora do convenio especial de prestación de asistencia sanitaria está obrigada a aboar unha contraprestación económica durante a súa vixencia, de acordo coas condicións seguintes:

a) Importe da cota:

Se o subscritor ten menos de 65 anos: cota mensual de 60 euros.

Si o subscritor ten 65 ou máis anos: cota mensual de 157 euros.

b) No caso de que o subscritor do convenio de prestación de asistencia sanitaria sexa menor de 65 anos e durante a súa vixencia cumpra a dita idade, a cota quedará automaticamente actualizada segundo o importe previsto para o novo tramo de idade. A actualización terá efectos desde o primeiro día do mes seguinte a aquel en que alcance os 65 anos de idade.

c) A contraprestación económica revisarase de acordo co previsto no artigo 6.2 do Real decreto 576/2013, do 26 de xullo.

Artigo 5. *Procedemento de subscripción.*

1. A subscripción co Instituto Nacional de Xestión Sanitaria do convenio especial de prestación de asistencia sanitaria previsto no Real decreto 576/2013, do 26 de xullo, conforme o disposto nos artigos 2 e 3 do Real decreto 1192/2012, do 3 de agosto, requirirá a presentación polo interesado dunha solicitude dirixida ao dito instituto, de acordo co modelo e contido expresado no anexo desta orde.

A solicitude poderase presentar en calquera dos lugares indicados no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. A solicitude deberá ir acompañada do orixinal ou copia compulsada dos seguintes documentos:

a) Documento nacional de identidade, no caso de que o interesado teña nacionalidade española, ou número de identidade de estranxeiro ou pasaporte, no suposto de ser estranxeiro.

b) Certificado ou certificados de empadramento dos municipios de residencia do solicitante no último ano inmediatamente anterior á data de solicitude, nos cales se acredite o cumprimento dos requisitos previstos nas letras a) e b) do artigo 2 da presente orde.

c) Declaración responsable de non ter cobertura obrigatoria da prestación de asistencia sanitaria por outra vía, acompañada, no caso de nacionais de países membros da Unión Europea, do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo e de Suíza ou de países cos cales España teña suscrito convenio bilateral de Seguridade Social que inclúa as prestacións de asistencia sanitaria, dun certificado emitido pola institución competente en materia de seguridade social ou de asistencia sanitaria do país de procedencia do interesado, acreditativo de que non procede a exportación do dereito á prestación de asistencia sanitaria en España.

Se a solicitude non reúne os requisitos exixidos, requirirase o interesado para que, nun prazo de dez días hábiles, emende a falta ou xunte os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fai, se considerará que desiste da súa petición, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

3. O director do Instituto Nacional de Xestión Sanitaria ditará resolución expresa e notificará no prazo de 30 días hábiles, contados desde o día seguinte ao da recepción da solicitude, a procedencia ou non de subscribir o convenio especial de prestación de asistencia sanitaria.

Transcorrido o prazo de 30 días hábiles a que se refire o parágrafo anterior sen que se ditase e notificase resolución expresa, a solicitude de subscrición do convenio especial de prestación de asistencia sanitaria entenderase estimada por silencio.

En caso de se estimar procedente a subscrición do convenio especial de prestación de asistencia sanitaria co solicitante, a resolución estimatoria deberá determinar todas as condicións de tal convenio, de acordo co previsto no artigo 5 do Real decreto 576/2013, do 26 de xullo, e nesta disposición.

As resolucións, expresas ou presuntas, a que se refire este punto poñen fin á vía administrativa e poderán ser impugnadas na forma, nos prazos e demais condicións establecidos no capítulo II do título VII da Lei 30/1992, do 26 de novembro, e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

4. A persoa interesada disporá dun prazo máximo de tres meses, contados a partir do día seguinte a aquel en que teña lugar a notificación da resolución que estime a súa solicitude ou ao da súa estimación por silencio, para formalizar o convenio especial de prestación de asistencia sanitaria co Instituto Nacional de Xestión Sanitaria. O procedemento iniciado entenderase caducado cando transcorra ese prazo sen que se asine o citado convenio por causa imputable ao interesado.

Artigo 6. *Pagamento da contraprestación económica.*

O pagamento da contraprestación económica derivada da subscrición do convenio especial de prestación de asistencia sanitaria realizarase mensualmente mediante ingreso en conta ou a través de domiciliación bancaria, dentro dos cinco primeiros días hábiles do mes seguinte a aquel a que tal cota se refira.

A liquidación correspondente aos meses en que se inicie ou se extinga o convenio especial de prestación de asistencia sanitaria efectuarase por días.

De acordo co previsto no artigo 7 do Real decreto 576/2013, do 26 de xullo, a falta de pagamento das cotas correspondentes a dúas mensualidades consecutivas ou tres alternativas determinará a extinción do convenio especial de prestación de asistencia

sanitaria. En caso de que a falta de pagamento sexa da primeira cota, o convenio especial de prestación de asistencia sanitaria non terá producido ningún efecto.

Disposición derradeira primeira. *Facultades de desenvolvemento.*

Facúltase o director do Instituto Nacional de Xestión Sanitaria para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e a aplicación desta orde, así como para realizar as modificacións técnicas do modelo do anexo que poidan resultar precisas.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 29 de xullo de 2014.–A ministra de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, Ana Mato Adrover.

ANEXO

SOLICITUDE DE: ALTA/BAIXA/VARIACIÓN DE DATOS DO CONVENIO ESPECIAL

1. DATOS DO/DA SOLICITANTE

1.1 PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
1.2 TIPO DE DOCUMENTO IDENTIFICATIVO		1.3 Nº DOCUMENTO IDENTIFICATIVO
D.N.I.: <input type="checkbox"/>	TARXETA DE ESTRANXEIRO <input type="checkbox"/>	PASAPORTE: <input type="checkbox"/>
		<input type="text"/>
1.4 DATA DE NACEMENTO (dd/mm/aaaa)		
<input type="text"/>		

1.5 DOMICILIO	TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA PÚBLICA	NÚM.
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	BLOQUE	ESCAL. PISO. PORTA	CÓD. POSTAL
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	CIDADE		<input type="text"/>
	<input type="text"/>		<input type="text"/>

2. DATOS DO/DA REPRESENTANTE (de ser o caso)

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
TIPO DE DOCUMENTO IDENTIFICATIVO		Nº DOCUMENTO IDENTIFICATIVO	
D.N.I.: <input type="checkbox"/>	TARXETA DE ESTRANXEIRO <input type="checkbox"/>	PASAPORTE: <input type="checkbox"/>	
		<input type="text"/>	
DOMICILIO	TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA PÚBLICA	NÚM.
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	BLOQUE	ESCAL. PISO. PORTA	CÓD. POSTAL
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	CIDADE		<input type="text"/>
	<input type="text"/>		<input type="text"/>

3. DATOS RELATIVOS Á NOTIFICACIÓN (risque cun "X" a opción correcta)

Para efectos de NOTIFICACIÓN, o/a interesado/a sinala como domicilio preferente

DOMICILIO DO SOLICITANTE (punto 1.5) OUTRO DOMICILIO

DOMICILIO	TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA PÚBLICA	NÚM.
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	BLOQUE	ESCAL. PISO. PORTA	CÓD. POSTAL
	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	CIDADE		<input type="text"/>
	<input type="text"/>		<input type="text"/>
DATOS TELEMÁTICOS		TELÉFONO MÓBIL PARA SMS	
CORREO ELECTRÓNICO	<input type="text"/>	<input type="text"/>	

4. FORMA DE PAGAMENTO

DOMICILIACIÓN BANCARIA

INGRESO EN CONTA

5. DATOS RELATIVOS Á DOMICILIACIÓN DE COTAS

CÓDIGO IBAN

--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--

TITULAR DA CONTA

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NOME

TIPO DE DOCUMENTO IDENTIFICATIVO

D.N.I.:

N.I.E.:

PASAPORTE:

Nº DOCUMENTO IDENTIFICATIVO

O/A SOLICITANTE
Data
Sinatura:

O/A REPRESENTANTE
Data
Sinatura

DIRECCIÓN TERRITORIAL DO INSTITUTO NACIONAL DE XESTIÓN SANITARIA